

INICIO DE VACACIONS EN DOMINGO

Cando decidimos fraccionar as vacacións en 20 e 10 **días naturais**, resulta especialmente interesante comezar o período maior un domingo e rematar o venres, en vez de comezar o luns e rematar o sábado. A diferenza supón un día adicional máis de vacacións.

Sen embargo a empresa denega esta opción enganando ao persoal e usando a “RL-106 Vacacións” cunha interpretación errónea das normas que regulan as vacacións. Tal e como indica no seu anexo 3, ten como fontes: o Estatuto dos traballadores e o CEV artigos 90 a 101. O problema é que desas fontes non pode deducirse que as vacacións non se poden iniciar en domingo ou festivo, senón xustamente o contrario. **Pódese.**

O artigo 122 da Normativa que este convenio anulou establecía que as vacacións deberán iniciarse en día laborable. Mais isto, como moitas outras cousas, non foi recollido no novo convenio e polo tanto non está en vigor.

O artigo 5 do presente convenio CEV é claro e contundente: *“tódalas materias que son obxecto de regulación do presente Convenio substitúen e derrogan na súa integridade, a calquera que puideran ser pactadas con anterioridade, salvo os aspectos que expresamente se manteñan”*

Tamén o CEV establece no seu Artigo 97: *“Sinaladas as datas, soamente poderán variarse a petición do empregado, mediante escrito razoado dirixido ó xefe inmediato, en casos xustificade e sempre que non se produza trastorno grave ós compañeiros ou para o servizo. As variacións serán comunicadas ó comité de empresa correspondente.”*

Aínda que a empresa non quere cumprir o convenio, é hora de esixirillo.

DEFENDE OS TEUS DEREITOS

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!